



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA VINTE E DOUS DE OUTUBRO DE 2019, CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Presidente acctal. D. MANUEL COSTA CARNEIRO
Tenentes de Alcalde: D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
Escusa asistencia D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO

SECRETARIO: D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta minutos do día vinte e dous de outubro de dous mil dezanove, baixo a Presidencia de don Manuel Costa Carneiro, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día dez de outubro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- - Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Instancia núm. 201999900000166 de Unión Fenosa Distribución , S.A- Gas Naturgy (Expediente núm. 2019/U022/000033)

Dáse conta da citada instancia na que don Juan José Coiradas Sambade, en representación de UFD Distribución Electricidad, S.A, solicita licenza para obras de RBTS no lugar de Matelo (Vedra)- San Xián de Sales (Expediente núm.: 2019/U022/000033), e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Pedro Tizón Barro, en calidade de enxeñeiro industrial.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.-. As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Pedro Tizón Barro e de data 10 de setembro de 2019.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 74 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio e aos actos da súa afectación; adecuándose á información gráfica que foi presentada.

Deberá constituírse garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública, estando condicionado o inicio das obras ao cumprimento da mesma.

Así mesmo, deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas; sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de sesenta euros con cincuenta e un céntimos (#60,51#)

2.2.- Comunicación previa de obra de Mar de Frades, S.L. (Expediente núm. 2019/U026/000029)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por dona Paula Fandiño en representación de Mar de Frades, S.L para reparación e mantemento de cuberta de edificación destinada a almacén agrícola, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don José M. Pena Alonso en calidade de enxeñeiro técnico agrícola e de data agosto de 2019.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001903000NH43F, emprazada en o Bao- Santa Cruz de Ribadulla, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.3.- Comunicación previa de obra de don José Luís Canicoba Carrillo. (Expediente núm. 2019/U026/000037)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don José Luís Canicoba Carrillo para rehabilitación de hórreo.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 000600900NH43D0001BD, emprazada en Feal, 3 – San Mamede de Ribadulla, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos datos comunicados.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de setenta euros (#70,00#).



3º.- Certificacións de obras.

3.1.- Certificación núm. 8 e final da obra de *Ampliación da rede de abastecemento en San Xián de Sales, Illobre, Marzán e San Pedro de Vilanova (POS +2018) (Expediente licitación núm. 2018/C003/000008)*

Dáse conta da certificación núm. 8 e final da obra de *Ampliación da rede de abastecemento en San Xián de Sales, Illobre, Marzán e San Pedro de Vilanova (POS +2018)(Código 18.2000.0323.0)*, e da factura núm. E019 235 da empresa adjudicataria da mesma, Obras y Viales de Galicia, S.L, por importe de corenta e seis mil catrocentos once euros con trinta e catro céntimos (#46.411,34#).

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a certificación e a factura correspondente.

4º.- Aprobación de gastos de persoal.

A Xunta de Goberno Local acorda ratificar a providencia da Alcaldía, de data 21 de outubro, de aprobación de gastos de quilometraxe, asistencia a proceso selectivo de técnico/a de Xestión Cultural, asistencias a Mesas de Contratación e fondo social dos traballadores municipais, por importe de 3.828,49 euros.

5º.- Aprobación das indemnizacións por asistencias aos membros da Corporación.

Vistas as liquidacións das asistencias dos membros da corporación aos plenos, xuntas de goberno, comisións informativas, xuntas de voceiros e xornadas celebradas durante o 3º trimestre de 2019 (dende o 15 de xuño) así como as liquidacións practicadas por asistencias a mesas de contratación, substitucións de alcaldía e desprazamentos conforme aos importes establecidos nas bases de execución do orzamento, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Recoñecer a obriga das liquidacións dos/as concelleiros/as da Corporación correspondentes ao 3º trimestre de 2019 (dende o 15 de xuño) por importe bruto de 13.024,80 €.

Segundo: Ordenar o pagamento das cantidades líquidas aos/ás concelleiros/as facendo os ingresos nas contas postas a disposición polos/as interesados/as.

6º.- Aprobación das asignacións económicas aos grupo políticos municipais.

Visto o disposto na base 33 das Bases de execución do orzamento municipal, na que se establece unha asignación económica por importe de 30,00 € mensuais por cada concelleiro/a que forme parte dos grupos políticos nos que se constitúe a Corporación municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar as seguintes asignacións económicas aos grupos políticos da corporación correspondentes ao 3º trimestre de 2019 (dende o 15 de xuño)

- BNG 152 €
- PSdG-PSOE 228 €
- PP 608 €



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Segundo.- Ordenar seu pagamento.

7º.- Outros asuntos.

Non se presentan.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e vinte minutos.